



MEMORIA

ANUAL 2018

Memoria Anual 2018

© Asociación Galega de Áridos

Edita | Asociación Galega de Áridos

Fotografía | Arigal e empresas asociadas

Diseño e coordinación | Bannister Global

Imprime | Gráficas Garabal, S.L.

Depósito Legal |

Membro de:



Cámara Oficial
Mineira de Galicia



MEMORIA

ANUAL 2018



1. QUEN SOMOS?

CARTA DO PRESIDENTE

PRESENTACIÓN

Órganos de goberno

FUNCIÓNS

Representación en órganos colexiados

O SECTOR, EN CIFRAS

O CONSUMO DE ÁRIDOS

6

8

10

11

12

13

14

16

OS ÁRIDOS DE GALICIA

MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA

Desenvolvemento do medio rural

COMPATIBILIDADE CO MEDIO AMBIENTE

DIRECTORIO DE EMPRESAS

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DAS EXPLOTACIÓNS EN GALICIA

17

18

19

20

22

28

2. QUE FACEMOS?

CRECEMENTO

V Congreso Nacional de Áridos en Santiago 32

Exportacións de áridos 36

Promoción comercial 34

COMPETITIVIDADE

Comprometidos coa formación 38

Defensa do sector fronte a cambios no Catastro 41

Asemblea Xeral da UEPG e Foro GAIN 42

Reunións dos comités UEPG en Bruxelas 43

Relacións institucionais 43

Campaña 'Cero accidentes' en canteiras 44

Axilización de trámites nos Servizos de Minas 44

Prevenición da silicose 45

Respaldo pleno a Erimsa 45

No Foro Sectorial e Industrial de Galicia 46

Infraestrutura Verde de Galicia 46

En defensa da economía do rural galego 47

Cambio na presidencia da Federación de Áridos 47

30

INNOVACIÓN

Atrazex, software propio de xestión de explosivos 48

DIVULGACIÓN E MEDIO AMBIENTE

Día dos Áridos, as Árbores e a Biodiversidade 50

Vídeo documental. Que sabes dos áridos? 51

Santa Bárbara 2018 51

Edición dos cómics de Lagartiño 52

Restauración de espazos 53

Visitas a centros educativos 54

Protección da contorna 54

Día da Ciencia na Rúa 55

ASESORAMENTO TÉCNICO

56

3. INFORMACIÓN ECONÓMICA

58

ORZAMENTO 2019

61

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2018

62



QUEN

SOMOS?



Aprovisionamento de area na
canteira Bertita de Prebetong, Lugo.

CARTA DO PRESIDENTE



José Lista Tasende, presidente de Arigal.

SOMOS PARTE
DE ALGO
MÁIS GRANDE



O balance de traballo de Arigal como asociación durante 2018 só pode ser positivo. A directiva e o equipo técnico mantiveron decenas de reunións e xestións con administracións públicas, organizacións mineiras, ambientalistas e doutros sectores económicos para defender e promocionar os seus asociados.

Aínda que en Arigal levamos moi dentro a nosa condición de ser empresas e profesionais de Galicia, arraigados nos nosos territorios, as nosas aldeas e corredoiras, non cabe dúbida de que en 2018 a nosa actividade traspasou as fronteiras do noso pequeno país.

Para a xunta directiva e o equipo técnico de Arigal foi un ano moi intenso no que quixemos colocar o sector dos áridos de Galicia como clave en gran cantidade de escenarios. Sabemos que as nosas canteiras son locais e teñen un radio de influencia, na maioría dos casos, moi reducido. Pero sen dúbida formamos para de algo moito máis grande.

Os asociados de Arigal tivemos o orgullo de recibir en Santiago de Compostela os representantes de todas as demais organizacións de áridos de España. A celebración do V Congreso Nacional de Áridos na nosa capital

a finais de outubro permitiunos relacionarnos durante uns días con outros empresarios que viven os nosos mesmos problemas e inquietudes en todo o territorio nacional.

As empresas produtoras de áridos recibimos o encargo da sociedade de contribuír ao benestar dos cidadáns, ao subministrar sostiblemente os produtos necesarios para a construción de vivendas e equipamentos, e tamén para numerosas aplicacións industriais e medioambientais, onde achegamos compoñentes esenciais.

A través do noso compromiso coa Cámara Oficial Mineira de Galicia impulsamos a plataforma Minaría Sostible de Galicia, unha iniciativa de defensa do sector mineiro ante os inxustificables ataques que sufrimos as empresas por determinados axentes que, de maneira interesada, dedícanse a poñer á sociedade na nosa contra. Arigal é membro fundador desta iniciativa destinada á promoción e divulgación da actividade mineira.

Pero tamén, pola nosa participación noutros órganos colexiados puidemos compartir experiencias con produtores de áridos a nivel internacional. A participación na UEPG mantívonos en contacto con outras organizacións europeas que teñen as nosas mesmas inquietudes.

A reunión bienal da Rede Informativa Global de Áridos (GAIN), coa participación de asociacións de áridos dos cinco continentes, abriunos os ollos a un panorama global de consumo de gravas e areas que teñen un dinamismo espectacular.

Por todo iso, pola nosa vocación local e pola nosa visión global, en Arigal cremos que o sector dos áridos debe sumarse ao movemento europeo que reclama atención para a industria e a construción de infraestruturas. Europa estase quedando atrás fronte ao impulso das economías emerxentes e das grandes potencias económicas (EUA e China).

Quizais o noso día a día sexa batallar coa burocracia para seguir operando, lograr vender os nosos produtos ao mellor prezo en proximidade e manter un diálogo cunha sociedade que desconfía de nós porque descoñece o valor que lle achegamos. Pero sen dúbida, formamos parte de algo máis grande.

Para terminar, quero agradecer, como presidente de Arigal, o traballo incansable do equipo técnico da asociación, a implicación da xunta directiva que teño o honor de liderar e a confianza dos 50 xerentes e propietarios das canteiras e graveiras de Galicia. O noso compromiso para 2019 é manter o noso nivel de esforzo e implicación.

PRESENTACIÓN



ARIGAL CONTA
ACTUALMENTE CON
50 EMPRESAS ASOCIADAS,
REPRESENTANDO MÁIS
DO 94% DO SECTOR,
E 30 ADHERIDAS.
ENTRE TODAS TEÑEN
EN FUNCIONAMENTO
70 CANTEIRAS
DISTRIBUÍDAS DE FORMA
UNIFORME NAS CATRO
PROVINCIAS, XA QUE
ESTÁN PRESENTES EN
MÁIS DE 90 CONCELLOS
DE GALICIA.

A Asociación Galega de Áridos (Arigal) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 1999 que agrupa a aquelas empresas galegas que desempeñan a súa actividade dentro do sector dos áridos, e que se dedican á transformación industrial, fabricación e comercialización de áridos.

Os áridos son materiais granulares inertes formados por fragmentos de rochas cunha granulometría (tamaño) determinada. Son coñecidos coloquialmente co nome de gravas e areas e son a base, desde os albores da humanidade, de toda a construción, tanto de infraestruturas (estradas, aeroportos, pontes, portos, ferrocarril...), como de edificacións (vivendas, escolas, hospitais, industrias...).

Os áridos son un material insubstituíble, vital para o desenvolvemento da economía. Trátase da segunda

materia prima máis consumida despois da auga e representa máis do 50% de todos os recursos minerais empregados. En consecuencia, as instalacións de extracción e produción de áridos son un elemento esencial e estratéxico para o progreso.

A industria de extracción de áridos xoga un papel estratéxico en Galicia, presentando un gran potencial para contribuír positivamente a unha economía circular e á conservación da natureza, a través da execución de proxectos adecuados. Ademais de estar na orixe da economía, a industria extractiva fomenta o desenvolvemento social e económico das rexións onde opera.

Desde Arigal foméntase a colaboración entre os seus membros e lévase a cabo unha política activa de promoción do sector e da defensa dos intereses dos asociados.

ÓRGANOS DE GOBERNO



A Asemblea Xeral ordinaria celebrouse o 18 de abril.

ASEMBLEA XERAL

Empresas Asociadas galegas dedicadas á industria, fabricación e comercialización de áridos



XUNTA DIRECTIVA

11 vogais, escollidos pola Asemblea Xeral

Presidente
José Lista Tasende *Lista Granit*

Vicepresidente 1º
Alberto Novoa Rodríguez *Graveras Castro*

Secretario
Roberto Almuiña Díaz *Cuarzos Industriales*

Vicepresidente 2º
David Pazos García *Prebetong Áridos Grupo Votorantim*

Tesoureiro
José Antonio Valencia González *Erimsa*

Vogais

Juan Luis Cano Dequit
Excansa

Cecilia Trancón Loureiro
Francisco Gómez y Cía

Manuel Cortés López
Canteras El Pozo

Juan de Dios Martín Aparicio
General de Hormigones

Marcos A. Vázquez Zas
Canarga

Uxío Batán Amorín
Canteras del Arenal


DIRECCIÓN

Carlos Martínez Torres



ADMINISTRACIÓN

Ana Belén Fuentes López



COMITÉ DE RELACIONES INSTITUCIONAIS

COMITÉ TÉCNICO

FUNCIÓNS

DE ACORDO AOS ESTATUTOS VIXENTES
(REXISTRADOS O 31-5-2017, PARA
ADECUALOS ÁS MODIFICACIÓNS LEXISLATIVAS
E NECESIDADES DO SECTOR), OS FINS
DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS
PÓDENSE AGRUPAR EN CINCO
EIXES ESTRATÉXICOS.



Canteira de Proyectos Zenale, en San Sadurniño, (A Coruña).

» **CRECEMENTO E FORTALECEMENTO DO SECTOR**, apoiando aos seus asociados en todo o relativo á mellora das explotacións desde todos os puntos de vista:

- Relacións comerciais e exportación.
- Defensa fronte aos áridos ilegais.
- Investigación de novas aplicacións, servizos e recursos.

» **DIVULGACIÓN**, para conseguir unha mellor imaxe e reputación, mediante actuacións a varios niveis, tales como:

- Día dos Áridos e as Árbores.
- Firma de convenios de colaboración con diferentes universidades.
- Realización de charlas en centros educativos, con entrega de material divulgativo e didáctico.
- Visitas guiadas a explotacións.

» **INNOVACIÓN**

- Desenvolvemento de iniciativas e programas de desenvolvemento de produtos e servizos específicos.

» **COMPETITIVIDADE**, apoiando aos asociados de maneira colectiva, fomentando a cooperación e a diversificación.

- Formación para a mellora da capacitación técnica dos traballadores dos nosos asociados.
- Estudos sectoriais sobre calidade, seguridade e competitividade.
- Prevención de Riscos Laborais: incluíndo información, formación e participación na plataforma NEPSI para o control da sílice cristalina respirable.
- Defensa dos intereses sectoriais ante a administración autonómica e organismos reguladores nacionais e comunitarios.

» **ASESORAMENTO TÉCNICO** aos equipos de xestión dos asociados en materias de interese común tales como:

- Subvencións e axudas públicas.
- Fiscalidade e enerxía.
- Asesoría xurídica laboral, administrativa e mercantil.

REPRESENTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS



Reunión da Xunta Directiva da Federación de Áridos celebrada en Madrid o 13 de setembro.

A Asociación Galega de Áridos (Arigal) participa de forma activa noutros órganos colexiados para a defensa e recoñecemento do seu sector.

CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA

Está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e ao aproveitamento dos recursos xeolóxicos, calquera que sexa a súa orixe ou estado físico, desde o coñecemento destes recursos naturais ata a súa posta en valor. Arigal como asociación forma parte da Xunta Xeral e da Xunta Directiva. Así mesmo, participa no seu Comité de Normativas e o seu Comité de Información.

A FEDERACIÓN DE ÁRIDOS (FDA)

Representa os intereses das empresas produtoras de áridos de España, tanto no ámbito nacional, como no internacional. Actualmente a FdA está integrada tamén polo Gremi d' Àrids de Catalunya, a Asociación de Empresas de Áridos de la Comunidad Valenciana (ARIVAL) e a Asociación Nacional de Empresarios Fabricantes de Áridos (ANEFA).

José Lista Tasende, presidente de Arigal, foino tamén da Federación de Áridos entre 2016 e 2018.

UNIÓN EUROPEA DE PRODUCTORES DE ÁRIDOS


A Unión Europea de Produtores de Áridos (UEPG) promove os intereses do sector europeo dos áridos representando as súas asociacións membros nas políticas económicas, técnicas, medioambientais e sobre seguridade e saúde laboral. UEPG identifica, de forma proactiva, as iniciativas e políticas que probablemente han de impactar sobre os produtores de áridos e asegúrase de que a posición de UEPG sexa considerada polos responsables nas tomas de decisións da UE.

O SECTOR, EN CIFRAS




Aprovisionamento de áridos na canteira de F. Gómez y Cía. en Touro, A Coruña.


NÚMERO DE EXPLOTACIONES



PRODUCCIÓN (MILLÓN DE EUROS)



EMPREGO (TRABALLADORES)



PRODUCCIÓN (MILLÓNS DE TONELADAS)



Preparación dunha voadura nunha canteira de Arigal.

O CONSUMO DE ÁRIDOS

REPUNTE DO CONSUMO DE ÁRIDOS

Os áridos pódense empregar directamente para fabricar cemento, formigón ou asfalto, é dicir, son materiais básicos e imprescindibles tanta na construción de obras civís como edificacións. Por iso, son un indicador moi preciso do desenvolvemento socioeconómico dun país.

Así, analizar a serie histórica de produción e consumo de áridos por habitante en Galicia, España e a Unión Europea permite ver que o nivel de execución de obras públicas e de construción de edificios estabilizouse, aínda que moi lonxe dos niveis de hai dez anos.

Arigal reclama de maneira insistente que se reactive a obra pública, na que o nivel de execución non segue o ritmo do orzado, ao que se suma o escaso investimento para o mantemento das estradas e a práctica inexistencia da edificación residencial.

De feito, o consumo aínda está lonxe da media europea de consumo de áridos (5,96 toneladas por habitante en 2016). Aínda así, en Galicia o consumo per cápita superou o conseguido no resto de España, que é de 2,42 toneladas por persoa en 2018.

CONSUMO EN GALICIA

ANO	MILLÓNS DE TONELADAS	T/HABITANTE
2007	24,90	9,00
2008	17,50	6,28
2009	15,00	5,36
2010	14,00	5,00
2011	12,00	4,29
2012	8,50	3,00
2013	7,80	2,05
2014	6,80	2,20
2015	9,64	3,52
2016	7,74	2,84
2017	8,50	3,14
2018	9,60	3,55

CONSUMO EN EUROPA

ANO	MILLÓNS DE TONELADAS	T/HABITANTE
2007	3.650	7,02
2008	3.630	6,98
2009	3.260	6,27
2010	2.910	5,60
2011	3.000	5,76
2012	2.700	5,19
2013	2.610	5,02
2014	2.600	5,00
2015	2.650	5,10
2016	3.100	5,96

CONSUMO EN ESPAÑA

ANO	MILLÓNS DE TONELADAS	T/HABITANTE
2007	479,00	10,70
2008	332,20	7,27
2009	243,10	5,26
2010	207,60	4,47
2011	172,98	3,71
2012	115,80	2,48
2013	91,70	1,96
2014	90,08	1,94
2015	99,30	2,14
2016	96,60	2,08
2017	103,36	2,23
2018	112,63*	2,42*

* Estimado

DE FEITO, O CONSUMO
AÍNDA ESTÁ LONXE
DA MEDIA EUROPEA DE
CONSUMO DE ÁRIDOS
(5,96 TONELADAS POR
HABITANTE EN 2018).
AÍNDA ASÍ, EN GALICIA O
CONSUMO PER CÁPITA SUPEROU
O CONSEGUIDO NO RESTO
DE ESPAÑA, QUE É DE 2,42
TONELADAS POR PERSOA.

OS ÁRIDOS DE GALICIA

Para a extracción dos áridos empréganse distintos métodos de arranque das rochas, segundo as diversas clases de xacementos. Isto dá lugar a dúas clases de explotacións:


CANTEIRAS

Son as explotacións onde a pedra é compacta e para extraela é necesario o uso de explosivos, mediante voaduras. Posteriormente, este material é triturado e clasificado en función das necesidades.

GRAVEIRAS

Son as explotacións de depósitos de sedimentos, areas e gravas procedentes de depósitos aluviais. Como os materiais están soltos e non son compactos empréganse equipos de arranque mecánico, que extraen a pedra directamente do xacemento para a súa posterior clasificación en varios tamaños e composicións.

Os **MINERAIS EXPLOTADOS** para a produción de áridos en Galicia poden agruparse da seguinte forma:



Granito e Gneis



Cuarzo e
Cuarzita




Dunita, Serpentina
e Gabro



Esquistos




Calcaria



Areas silíceas



Areas



Zahorras



Gravas



Balastro



Escollera

Estes minerais comercialízanse coas seguintes calidades de **PRODUTO**:

MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA



A extracción de áridos xoga un papel estratéxico para Galicia, presentando un gran potencial para contribuír positivamente ao concepto de economía circular, de desenvolvemento do medio rural e á conservación da natureza, a través da execución dos proxectos adecuados.

Por iso, en 2018 fundou a plataforma Minaría Sostible de Galicia xunto a outros organismos do sector extractivo. É unha iniciativa da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) que conta ademais, coa participación das seguintes entidades:

- Clúster do Granito de Galicia
- Clúster da Pizarra de Galicia
- Asociación Galega da Propiedade Balnearia
- Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural
- Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense

- Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía (Universidade de Vigo)
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña)
- Colexio Oficial de Xeólogos
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia

Os obxectivos de Minaría Sostible de Galicia son:

- A promoción do sector mineiro de forma sostible, a través da investigación e da divulgación.
- A difusión de traballos, estudos e avances realizados en relación ás actividades extractivas.
- A creación de contidos con información actualizada e de interese para a cidadanía con relación ás actividades mineiras.

DESENVOLVEMENTO DO MEDIO RURAL

A extracción de áridos xoga un papel estratéxico para Galicia, presentando un gran potencial para contribuír positivamente ao concepto de economía circular e á conservación da natureza, a través da execución dos proxectos adecuados. A dispersión xeográfica das canteiras de áridos de Galicia permite o desenvolvemento e a dinamización do ámbito rural desde unha perspectiva que incorpora aspectos sociais e económico-productivos. As explotacións desenvolveranse con criterios de promoción da economía local, co obxectivo de mellorar a calidade de vida da poboación e a creación de riqueza e emprego no medio rural.

Gran parte dos 800 empregos directos e os 2.800 indirectos que xeran os asociados de Arigal, teñen como base áreas rurais, como tamén radicán nesas zonas as compras de subministración e de servizos, o que supón un importante impacto económico. O valor que crean as empresas de Arigal queda, en maior parte, na contorna local inmediata de onde está localizada e, dado que habitualmente está en áreas pouco desenvolvidas, constitúe unha industria fundamental para fixar emprego e poboación en zonas que doutra maneira estarían despoboadas, peor atendidas e menos desenvolvidas.



Mina de Serrabal en Vedra, A Coruña.

COMPATIBILIDADE CO MEDIO AMBIENTE



Lagoa de Antela, en Ourense, unha recuperación ambiental levada a cabo por Graveiras Castro, Áridos Antelanos e Areneira da Limia.

Arigal considera que a biodiversidade e a súa adecuada xestión, é unha parte intrínseca do proceso produtivo da industria de extracción de áridos. Hai un número importante de sinerxías entre o noso sector e a conservación da natureza, como o demostran os moitos casos nos que se xeraron novos ecosistemas que permiten o asentamento de novas especies e un amento da diversidade medioambiental. As explotacións mineiras deben cumprir a súa función social de abastecemento de materias primas á sociedade sen xerar impactos innecesarios. Desde Arigal, o noso compromiso co medio ambiente pasa pola minimización do impacto ambiental no desenvolvemento das actividades extractivas e a rehabilitación do espazo afectado unha vez finalizadas estas.

A elaboración de proxectos mineiros que conxuguen racionalmente a necesidade do acceso aos recursos xeolóxicos coa consideración de todas as medidas técnicas necesarias para a conservación do medio ambiente é a condición necesaria e imprescindible para asegurar a compatibilidade da actividade coa súa contorna. A colaboración activa entre as empresas do sector e os especialistas en materia de patrimonio natural teñen necesariamente por obxectivo a adopción de estratexias de actuación para o aproveitamento sostible dos recursos minerais, permitindo reconstruír e crear hábitat, divulgar o patrimonio xeolóxico para favorecer a protección, restauración e conservación da biodiversidade, a comprensión e divulgación da historia do planeta mediante a posta en valor da xeodiversidade e

potenciar, ao mesmo tempo, os obxectivos de conservación e desenvolvemento de especies prioritarias.

As canteiras e graveiras de Galicia, como as do resto de Europa, están sometidas a un complexo procedemento de autorizacións e concesións que requiren os seguintes pasos:

- Elaboración dun proxecto de explotación que inclúe un proxecto de restauración dos espazos naturais afectados pola actividade.
- Sometemento ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Constitución dunha garantía orzamentaria para a restauración dos espazos naturais afectados.
- Todo iso é aprobado e, posteriormente, controlado permanentemente pola Administración mineira e a medioambiental.

Para apoiar estas consideracións, Arigal e os seus socios están comprometidos en:

- Asegurar o cumprimento da lexislación vixente.
- Fomentar a mellora continua na aplicación de boas prácticas en cada explotación, incluída a incorporación das consideracións relativas á biodiversidade, na xestión ambiental e na formación dos traballadores.
- Difundir entre os seus membros boas prácticas para o fomento da conservación da biodiversidade.
- Promover o diálogo coas partes interesadas, incluídas as institucións da Unión Europea, as organizacións non gobernamentais (ONG), expertos científicos e as comunidades locais.
- Colaborar activamente na consecución dos obxectivos da biodiversidade da Unión Europea.
- Defender a compatibilidade das explotacións coas áreas da Rede Natura 2000.



Canteira de Couso, de Votorantim, en Ponteareas (Pontevedra).

MÁIS ALÁ DO CUMPRIMENTO
DOS REQUISITOS LEGAIS, UN MOI
IMPORTANTE NÚMERO DE EMPRESAS
APLICAN POLÍTICAS SOSTIBLES
ORIENTADAS, ENTRE OUTROS
OBXECTIVOS, Á PROTECCIÓN DAS
ESPECIES E, INCLUSO, A PROMOVER O
DESENVOLVEMENTO DESTAS.



EMPRESAS ASOCIADAS

Coto Mineiro Fabeira, de Mibasa, en Silleda, Pontevedra.



ACTIVIDADES MINERAS LA XINDE, S.L.
A Ermida,s/n. 36158 Marcón. Pontevedra
Tel. 986 19 00 20
administracion@nexiainfraestructuras.es



ARENAS NATURALES DA LIMIA, S.L.
Lg. Vilariño das Poldras, 24. 32692 Sandiás. Ourense
Tel. 637 72 45 32
arenasantelanas@hotmail.com



ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.
Lugar Freón. Monteagudo.15142 Arteixo. A Coruña
Tel. 981 17 36 08
cantera@ariasinfraestructuras.com
www.ariasinfraestructuras.com



ARIBES,S.L.
C/Plácido Peña, 2-4. Entrlo. Dcha. 27800 Vilalba. Lugo
Tel. 982 51 10 43
aribes@aribessl.com



ARIDOS CHAN DE SALGOSA, S.L.
Liñares. As Neves. 36449 Pontevedra
Tel. 986 64 83 81
chandesalgosa@hotmail.com
www.aridoschandesalgosa.es



ARIDOS DE REBOIRA, S.A.
Lugar Reboira. Ardemil. 15689 Ordes. A Coruña
Tel. 981 69 28 77
aridosdereboira@gmail.com
www.aridosdereboira.com



ÁRIDOS DEL UMIÁ, S.A.
Herminia Fariña Cobián, s/n. 36003 Pontevedra
Tel. 986 85 18 36 / 986 85 22 40
aridosdelumia@aridosdelumia.com
www.aridosdelumia.com



ÁRIDOS MIRAMONTES, S.A.
Canteiras Miramontes, Grixoa.
15898 Santiago de Compostela. A Coruña
Tel. 981 89 87 18
arimisa@telefonica.net
www.canteirasmiramontes.com



ARQUITECTURA, MATERIALES Y CONSTRUCCIÓN, S.L. - ARMACON
C/ Cruz de As Airas, 34. 15320 As Pontes. A Coruña
Tel. 981 45 19 57 admon.armacan@gmail.com
www.armacan.es



CANARGA,S.L.
Gambrinus, 99 15008 A Coruña
Tel. 981 25 62 42
canarga@canarga.com
www.canarga.com



CANTEIRA DA MINA, S.L.
Varilongo, s/n. 15848 Santa Comba. A Coruña
Tel. 981 19 14 25
canteiradamina@yahoo.es / info@canteiradamina.es
www.canteiradamina.es



CANTEIRA DO PENEDO, S.A. (CANPESA)
San Esteban, s/n. 27680 Baralla. Lugo
Tel. 982 36 32 69
hector@canpesa.com
www.canpesa.com



CANTERAS DE MURO, S.L.
Lg. Castal Vello - San Juan de Muro. 27367 Lánca. Lugo
Tel. 982 54 33 40
administracion@canterasdemuro.es



CANTERAS DE RICHINOL, S.L.
Arenal, 64 Entresuelo - Izqda. 36500 Lalín. Pontevedra
Tel. 986 78 71 02
richinol@canterasare.com
www.canterasare.com



CANTERAS DEL ARENAL, S.L.
Arenal, 64 Entresuelo. Izda. 36500 Lalín. Pontevedra
Tel. 986 78 71 02
arenal@canterasare.com
www.canterasare.com



CANTERAS EL POZO, S.L.
Esperon, 26. Tabeayo. 15182 Carral. A Coruña
Tel. 981 67 03 56
canteraselpozo79@gmail.com
www.geoscopio.net/empresas/elpozo



CANTERAS FERROLANAS, S.A.
Estrada Cobas, Km. 4.15595 Ferrol. A Coruña
Tel. 981 32 76 00
ferrolanas@canterasferrolanas.com



CANTERAS ISIDRO OTERO,S.L.
Valiñadares,8. 27748 Mondoñedo. Lugo
Tel. 982 52 10 03
isidrootero@terra.es
www.isidrootero.es



CEMENTOS SECIL, S.L.U.
Lugar Sequeiros, 73-C - Portela. 36692 Barro.Pontevedra
Tel. 986 71 32 84
secil@secil.es
www.secil.es



CONSTRUCCIONES CRESPO BARROS, S.L.
Avda. Bergantiños, 10 . Paosaco. 15145 A Laracha. A Coruña
Tel. 981 60 53 16
davidcb@congresba.com



CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.
Avda. Finisterre, 267. 15008 A Coruña
Tel. 981 27 56 15
construcciones@lopezcaos.com
www.lopezcaos.com



CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
C/Agra dos Cregos, 28 Bajo. 15850 Zas. A Coruña
Tel. 981 75 10 34
info@poncianonieto.es
www.poncianonieto.es



CORPORACIÓN ARENERA DA LIMIA, S.L.
Lugar Vilariño das Poldras, s/n. 32692 Sandiás. Ourense
Tel. 988 46 59 79
pilar@corporacionarenera.com



CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
Parque Empresarial de Ordes. Parcela 70. 15680 Ordes. A Coruña
Tel. 981 90 01 70
galicia@crcos.com
www.crcos.com

**CUARZOS INDUSTRIALES, S.A.**

Mina Serrabal. San Pedro de Vilanova, s/n. 15886. Vedra. A Coruña
Tel. 981 51 22 02
cuarzosindustriales@ferroatlantica.es
www.ferroatlantica.es

**EXPLOTACIÓN DE ROCAS INDUSTRIALES Y MINERALES, S.A. - ERIMSA**

Pol. La Grela. C/Copérnico, 7 -2º A1. 15008 A Coruña
Tel. 981 22 89 88
erimsa@erimsa.com
www.erimsa.com

**EXPLOTACIONES Y CANTERAS DE MOUCHO, S.A.U.**

Ctra. A Coruña-Carballo, Km. 4,5
15140 Pastoriza- Arteixo. A Coruña
Tel. 981 60 70 00
info@explotacionesycanterasdemoucho.com

**EXPLOTACIONES Y CANTERAS DEL NOROESTE, S.A. - EXCANSÁ**

R/Reina, 14 - 2º B. 27001 Lugo
Tel. 982 28 42 91
oficina@excansa.com

**FRANCISCO GOMEZ Y CÍA, S.L**

Lugar La Mina, s/n - 15822 Touro. A Coruña
Tel. 981 51 73 17
admon@fgomez.es
www.fgomez.es

**GENERAL DE HORMIGONES, S.A.**

Vilar, s/n. 36540 Silleda. Pontevedra
Tel. 986 68 86 98
silleda@gedhosa.es
www.gedhosa.es

**GRANITOS DE XALLAS, S.L.**

Canteira Pedreiras. Paraxe de Frieiro, s/n.
15848 Santa Comba. A Coruña
Tel. 981 88 11 55
admin@granitosdexallas.com

**GRANITOS Y ARIDOS DE ATIOS, S.L.**

Vilafria - Atios. 36400 Porriño. Pontevedra
Tel. 986 33 42 95
aridosatios@gmail.com
www.aridosatios.com

**GRAVERAS CASTRO, S.L.**

Estrada Celanova, 49. 32630 Xinzo de Limia. Ourense
Tel. 988 40 84 45
graverascastro@yahoo.es
www.graverascastro.es

**GRUPO BASCUAS 2008, S.L.**

Ronda das Mercedes, 37 Entrechan. 27002 Lugo
Tel. 982 28 43 28
administracion@grupobascuas.com
www.grupobascuas.com

**HORMIGONES VALLE MIÑOR, S.A.**

Avda. de Portugal, 108. Ramallosa. 36379 Nigrán. Pontevedra
Tel. 986 34 34 34
hvm@grupominor.com
www.grupominor.com

**HORMIGONES Y ÁRIDOS LA BARCA, S.A.**

Lg. Lantañón. Vilanoviña. 36616 Meis. Pontevedra
Tel. 986 26 90 00
pa.labarca@vcimentos.com

**JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.**

Puente de Mera, s/n. 15349 Ortigueira. A Coruña.
Tel. 981 41 33 60
jpl@jpl.gal

**LISTA GRANIT, S.A.**

R/ Agoeiros, 150. Villarodis. 15141 Arteixo. A Coruña
Tel. 981 60 10 02
lista@listagranit.com
www.listagranit.com


MARÍN PETRÓLEOS, S.A.

Plaza de España, 12 Entrlo.
36600 Vilagarcía de Arousa. Pontevedra
Tel. 988 26 28 00
marinpetroleos@marinpetroleos.es


MINAS DE BANDEIRA, S.A. - MIBASA

Monte Carreira, Km. 5. Ctra. Bandeira-Cruces.
36570 Silleda. Pontevedra
Tel. 986 58 53 25
mibasa@mibasa.es
www.mibasa.es


MYHNOR, MORTEROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE, S.L.

C/ Ferrol, 14 1º. 15004 A Coruña
Tel. 981 17 36 16
ana@myhnor.com
www.myhnorgroupo.com


NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Lugar Runs, 49. 15930 Boiro. A Coruña
Tel. 981 84 53 85
correo@nosa.es
www.gruponosa.com


PASEK MINERALES, S.A.U.

Mina David, Landoy s/n 15360 Cariño. A Coruña
Tel. 981 42 81 81
pm@pasek.es
www.pasek.es


PREBETONG ÁRIDOS, S.L.U.

Rúa Brasil, 56. 36204 Vigo. Pontevedra
Tel. 986 26 90 00
prebetong.aridos@vcimentos.com
www.prebetong-aridos.es


PREBETONG LUGO, S.A.

Rúa Brasil, 56. 36204 Vigo. Pontevedra
Tel. 986 26 90 00
prebetong.aridos@vcimentos.com
www.prebetong-aridos.es


PROYECTOS ZENALE, S.L.

Cantera Lamas- Rapadoiro.
Lg. Lamas, s/n. 15562 San Sadurniño. A Coruña
Tel. 981 65 70 21
zenale@zenale.es
www.zenale.es


RECURSOS MINERALES DE GALICIA, S.A.

Polígono Cachafeiro, s/n. Nave Morpel. 3
6556 Forcarei. Pontevedra
Tel. 681 31 43 01
samca@samca.com


ROCAS, ARCILLAS Y MINERALES, S.A. - RAMSA

Mina Serrabal. San Pedro de Vilanova, s/n.
15886 Vedra. A Coruña
Tel. 981 51 22 02
info@ferroatlantica.es
www.ferroatlantica.es


SÍLICES DE FUENTES, S.L.

Canteras Candamil. 27832 Xermade. Lugo
Tel. 982 17 77 51 / 957 44 07 16
sifusa@gruposisifusa.com
www.gruposisifusa.com


STRATEGIC MINERALS SPAIN, S.L.

Ctra. OU-0901 Km. 14. Penouta (Viana do Bolo). Ourense
Tel. 988 34 35 96
contact@strategicminerals.com
www.strategicminerals.com



Cantera Lola, de Nosa, en Boiro, A Coruña.

EMPRESAS ADHERIDAS



BATAN ÁRENAL, S.L.

C/ F, 2. Entreplanta C. 36500 Lalín. Pontevedra
Tel. 986 78 34 66
batan@batanarenal.com



CABAGER, S.L.

Camino del Martinete, 54 D. Polígono Ind. La Grela. 15008 A Coruña
Tel. 902 99 69 73
info@cabager.com - www.cabager.com



CANTERAS HERMANOS LÓPEZ, S.L.

Polígono Industrial A Golada. Parcela 1º B. 36520 A Golada. Pontevedra
Tel. 986 78 97 07
canteraslopez@gmail.com



CEMENTOS COSMOS, S.A.

C/ Brasil, 56. 36204 Vigo, Pontevedra
Tel. 982 46 66 54
www.cementoscosmos.es



EPC ESPAÑA SILEX, S.L.

Avda. Constitución, 40. 45310 Villalobas. Toledo
Tel 925 15 20 80
epcespana@epc-groupe.es - www.epc-groupe.com



ESMIN INGENIERIA, S.L.

C/ Michelena, 40 1º 36002 Pontevedra
Tel. 686 68 73 67 / 986 83 03 30
info@esminingenieria.com
www.esminingenieria.com



EXCAVACIONES Y VOLADURAS FUNCSTA Y MARTÍNEZ, S.L.

Avda. Loureiro, Edif. Loureiro Mar, 2 - AP. A.
36930 Bueu. Pontevedra
Tel. 619 20 96 99
voladurasfuncsta@gmail.com



FORXARTE. CENTRO DE FORMACIÓN

Rúa do Miño, 15 A - 3º F. 36450 Salvaterra do Miño. Pontevedra
Tel. 605 90 15 25
foxarte@gmail.com



GANOMAGOGA, S.L.

Gándara, 12. 36861 Ponteareas. Pontevedra
Tel. 986 66 06 00
tg@ganomagoga.es - www.ganomagoga.es



GRANITOS MONTEPEDROSO, S.L.

Avda. Coruña, 38. 27560 Monterroso. Lugo
Tel. 982 37 72 11
granitosmontepedroso@gmail.com



ITV MAQUINARIA INDUSTRIAL Y MINERA, S.L.U.

C/Torriano, 4 - 3º I. 24004 León
Tel. 646 21 56 15
info@itvmin.com - www.itvmin.com



KAUMAN, S.A.

Ctra. Rasela - Bugarín. 36860 Ponteareas. Pontevedra.
Tel. 986 64 09 42
admon@kauman.com - www.kauman.com



MARCOR XOVE, S.L.

Xuances, Camba - Bedrido, s/n. 27877 Xove. Lugo
Tel. 982 56 30 76 / 609 35 76 07
marcorxove@marcorxove.com - www.marcorxove.com



MAXAM EUROPE, S.A.

Av. del Partenon, 16. Campo de las Naciones. 28042 Madrid
Tel. 91 722 01 00 / 619 74 07 27
vmenendez@maxam.net - www.maxam.net



M. POUSO EXPLOSIVOS, S.L.

C/ Enrique Dequidt Hevia, 15 Local 28. 15005 A Coruña
Tel. 981 25 61 29
pouso@pouso.es



ORICA EXPLOSIVOS INDUSTRIALES, S.A.

Estrada Villafer, Km 7 - 24220 Valderas - León
Tel. 987 76 32 06
fernando.negreira@orica.com - www.oricaminingsservices.com



PEDRA INGENIERÍA, S.L.

C/ La Paz, 1 Bajo. 36202 Vigo. Pontevedra
Tel. 655 01 09 91 / 986 21 34 90
laz@pedraingenieria.es - www.pedraingenieria.es

**PERIS CORREDURÍA DE SEGUROS**

Andrés Mellado, 112. 28003 Madrid
Tel. 91 206 20 50
javier.garcia@peris.es - www.peris.es

**PERVOCAN,S.L.**

La Teja, 199 D, 2º B. 39530 Puente San Miguel. Cantabria
Tel. 600 43 74 75
pervocan@ono.com

**PERVOLAN, S.L.**

Gándara (Sobrada) Nº 20 A. 36790 Tomiño. Pontevedra
Tel. 650 24 10 46
info@pervolan.com - www.pervolan.com

**PRODUTIVA, FABRICA DE REDES, SA**

Av. Vasco da Gama, 8057.
4430-755 Avintes. V.N. de Gaia. Portugal
Tel. +351 22377 1770
produtiva@produtiva.net - www.produtiva.net

**SANDVIK ESPAÑOLA, S.A. - División Minería y Construcción**

Parque Empresarial Puerta de Madrid Este
Calle de los Tapiceros, 9. 28830 San Fernando de Henares. Madrid.
Tel. 93 57 17 500
mineraiyconstruccion.es@sandvik.com
www.sandvik.com

**SEGURIDAD INDUSTRIAL, MEDIOAMBIENTE Y CALIDAD, S.L. - SIMECAL**

C/ Manuel Azaña, 39 Bajo. 47014 Valladolid
Tel. 983 36 28 27
ahr@simecal.com - www.simecal.com

**SONENSE DE GRANITOS, S.L. - SOGRANI**

Lugar de Baroña, s/n. 15979 Porto do Son. A Coruña
Tel. 981 76 72 92
granitos@sograni.com - www.sograni.com

**TRANSPORTES PEAL, S.A.**

C/ Los Siseros, 8. Pol. Ind. Villaquilambre. 24193 Navatejera. León
Tel. 987 27 85 38
administrador@peal.es - www.peal.es

**VALMY ATLÁNTICA,S.L.**

C/ Juan Flórez, 42 -3º Izda. 15004 A Coruña
Tel. 981 26 17 04
administracion@valmyatlantica.com
www.valmyatlantica.com

**VOLADURAS CARMONA, S.A.**

Pol. Pocomaco, I-1 Modulo 7. 15190 A Coruña
Tel. 981 13 30 51
voladuras@vcarmona.net

**VOLADURAS MÍGUEZ, S.L.**

A Seara, 27. Tarrío. Culleredo. 15189 A Coruña
Tel. 981 67 77 39 - 639 75 65 42
voladurasmiguez@gmail.com

**VOLADURAS Y TRANSPORTES BLANCO, S.L.U.**

Polígono Industrial de Bertoa, Parcela H7.
15100 Carballo. A Coruña
Tel. 981 70 06 51
voladurasblanco@hotmail.es

EMPRESAS

COLABORADORAS

**ACORE, APLICACIONES INFORMÁTICAS CORPORATIVAS Y EMPRESARIALES, S.L.**

C/ Falperra, 36, Bajo. 15005 A Coruña.
Tel. 881 92 71 89
info@acore.es
www.acore.es


**IBERSYS, S.L.**

C/Catasol, 11-13 27002 Lugo
Tel. 982 28 41 62
info@ibersys.es
www.ibersys.es

**OFIREYCO**

Vía Pasteur, 10. 15890 Polígono del Tambre.
Santiago de Compostela
Tel. 981 93 79 20
ofireyco@ofireyco.com
www.ofireyco.com

DISTRIBUCIÓN GEOGRÁFICA DE LAS EXPLOTACIONES EN GALICIA



1. CUARZOS INDUSTRIALES - Mina Conchitina

2. CUARZOS INDUSTRIALES - Sonia

3. PASEK MINERALES - Herbeira

4. PASEK MINERALES - Mina David

5. JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ – San Pablo

6. PASEK MINERALES - Vizoso

7. FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA - Espiñaredo

8. PROYECTOS ZENALE - Lamas de Rapadoiro

9. CANTERAS FERROLANAS - Pico do Ouro

10. ARMACON - Forgoso

11. MYHNOR, MORTEROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE - Montesalgueiro

12. PREBETONG ÁRIDOS - As Portelas

13. MYHNOR, MORTEROS y HORMIGONES DEL NOROESTE - Pescas

14. CNES CRESPO BARROS - Cal de Xandia

15. LISTA GRANIT - Monte da Costa

16. ARIAS INFRAESTRUCTURAS - Trambasaguas

17. CANTERAS EL POZO - El Pozo 24

18. CANARGA - O Castelo

19. ÁRIDOS DE REBOIRA (ARESA)- Reboira

20. EXPLOTACIONES Y CANTERAS DE MOUCHO – Granitos del Noroeste Nº 6

21. ERIMSA - Cruceiro

22. CNES LÓPEZ CAO - Olveiro

23. CNES LÓPEZ CAO - Santa Cristina

24. CANTEIRA DA MINA - Costa de Cuzo

25. GRANITOS DE XALLAS - Pedreiras

26. CUARZOS INDUSTRIALES - Esmeralda

27. FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA - Brañas de Brins

28. ÁRIDOS MIRAMONTES - Miramontes

29. FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA - San Rafael

30. CRC OBRAS Y SERVICIOS - Portodemouros

31. FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA - Arribeltz

32. CANTERAS RICHINOL - Richinol

33. CNES PONCIANO NIETO – Pico de Cuña Pedra Furada

34. PREBETONG ÁRIDOS – Monte Agrino II

35. NEMESIO ORDÓÑEZ - Lola

36. RAMSA - Serrabal

37. ERIMSA - El Castillo

38. MIBASA - Monte Fabeira

39. GENERAL DE HORMIGONES - Vilar

40. CANTERAS DEL ARENAL - Carrio

41. HNES VALLE MIÑOR - Godos

42. ÁRIDOS DEL UMIA - Umia

43. HORMIGONES Y ÁRIDOS LA BARCA - Lantañón

44. CEMENTOS SECIL – Berducido

45. ACT. MIN. LA XINDE - Faro 2875

46. RECURSOS MINERALES DE GALICIA

47. PREBETONG ÁRIDOS - Couso

48. HNES VALLE MIÑOR- Mimosa I

49. GRANITOS Y ÁRIDOS DE ATIOS - Vilafría

50. ÁRIDOS DE CHAN DE SALGOSA - Chan de Salgosa

51. HNES VALLE MIÑOR - Carregal

52. PREBETONG ÁRIDOS - Martín

53. MARIN PETROLEOS - Dorna

54. MYHNOR MORTEROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE - Castroverde

55. ARENAS NATURALES DA LIMIA – Arian

56. CORP. ARENERA DA LIMIA - Acibeiro

57. GRAVERAS CASTRO - Castro

58. STRATEGIC MINERALS SPAIN – Mina de Penouta

59. EXCANSÁ - Monte Penedo

60. EXCANSÁ - Estefanía

61. CANPESA Canteira do Penedo

62. GRUPO BASCUAS 2008 - Furco

63. CANTERAS DE MURO - Costal Vello

64. PREBETONG LUGO - Bertita

65. GRUPO BASCUAS - Santa María de Bascuas

66. EXCANSÁ - Arcos

67. ARIBES - Bestar

68. ERIMSA - Os Boedos

69. ERIMSA - Mina Ladra

70. SÍLICES DE FUENTES - Candamil

71. GRUPO BASCUAS 2008 - Cruz de Canela

72. CNES ISIDRO OTERO - Lavapiés

73. CNES ISIDRO OTERO - Grande Mesada

74. CNES ISIDRO OTERO - Valiño

75. PREBETONG ÁRIDOS - Abilleira



QUE

FACEMOS?



Canteira de Richinol, en Melide, A Coruña.



O V Congreso Nacional de Áridos congregou en Santiago a 850 profesionais do sector.

V CONGRESO NACIONAL DE ÁRIDOS EN SANTIAGO



Baixo a presidencia de honor do Rei Felipe VI e coa asistencia de cerca de 800 congresistas, o sector dos áridos celebrou do 24 ao 26 de outubro o seu V Congreso Nacional de Áridos. Organizado pola Federación de Áridos (FdA), que representa os intereses das empresas produtoras de áridos de España, coa colaboración de Arigal.

O balance do V Congreso Nacional de Áridos non puido ser máis positivo a teor das cifras arroaxadas por esta edición celebrada en Santiago de Compostela: asistencia de cerca de 850 congresistas, de 20 países, presenza de autoridades das administracións competentes na industria extractiva, co apoio de 15 institucións (entre elas o Ministerio para a Transición Ecolóxica e a Xunta de Galicia) e unha exposición comercial na que participaron máis de 60 empresas.

Cerca de 200 comunicacións e relatorios foron presentados nas doce sesións técnicas que abordaron as sete áreas temáticas do Congreso. E sete mesas redondas e catro sesións temáticas analizaron asuntos da máxima actualidade para o sector.

O lema elixido para esta edición, 'Comprometidos coa Sociedade', definía ben ás claras a aposta deste sector extractivo por potenciar todos os aspectos económicos, sociais e medioambientais que crean valor engadido para os cidadáns, algo que tivo o seu reflexo nos numerosos actos do Congreso: axuda a organizacións de apoio á infancia, contribución á reforestación de zonas afectadas por incendios en Galicia, a entrega de árbores autóctonas galegas a cada congresista, a celebración de EscombrArte, unha exposición de esculturas realizadas con materiais reciclados procedentes

dos residuos de construción e demolición, un concurso de fotografía, acordos con Universidades para favorecer a asistencia de estudantes, a integración de persoas con discapacidade que colaborarán coa organización do Congreso, a organización dun Foro sobre a Biodiversidade...

A xunta directiva de Arigal traballou intensamente entre 2017 e 2018 para a organización do Congreso, con numerosas reunións con administracións públicas, patrocinadores e outras entidades sectoriais involucradas.

Para a inauguración do V Congreso Nacional de Áridos contouse coa asistencia do alcalde de Santiago de Compostela, Martiño Noriega Sánchez, do director xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia, Ángel Bernardo Tahoces, do subdirector xeral de Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, Daniel Torrejón Braojos, do presidente do Comité Científico, José Luis Parra y Alfaro, e do presidente da FdA e de Arigal, José Lista Tasende.

Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, foi o encargado de clausurar o V Congreso Nacional de Áridos. Na súa intervención animou ao sector a manter a súa conciencia ambiental. Feijóo referíase desta maneira á economía circular como un dos principais desafíos que debe afrontar o sector no futuro inmediato: pola importancia mesma do sector, xa que é a segunda materia prima e representa máis do 50% dos recursos minerais consumidos; porque a UE está definindo á nova política de economía circular, que obriga a unha xestión de recursos máis eficiente e tamén a aceptar a nova realidade da produción; e "porque ser máis sostible hoxe é bo para mañá".

A cerimonia de entrega dos Premios Nacionais de Desenvolvemento Sostible, aos que se presentaron numerosas candidaturas, precedeu á clausura do Congreso. Tres explotacións galegas, El Castillo e Frades, de Erimsa; e Don Isidro, de Votorantim, foron premiadas nesta cita.



Imaxe da clausura, con todos os premiados.



Arigal foi parte activa do comité organizador do Congreso.



Preto de 200 relatorios e comunicacións foron presentados no V Congreso Nacional de Áridos.

CONCLUSIÓNS DO CONGRESO

Nestes días, a nosa industria extractiva, a primeira de España por número de traballadores, toneladas producidas e número de explotacións, segue deseñando o seu futuro, a pesar das dificultades que o ameazan, aplican enfoques modernos e profesionais a unha actividade en constante evolución técnica.

As empresas produtoras de áridos poñen ao servizo dos cidadáns uns produtos sostibles e de calidade que son imprescindibles para que estes poidan dispor das vivendas, escolas, hospitais, estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, etc. e tamén para as numerosas aplicacións industriais e medioambientais, onde son compoñentes esenciais.

Estas empresas crean riqueza na contorna máis próxima, integrando na súa xestión os principios de desenvolvemento sostible, previndo e minimizando as afeccións ambientais, xestionando as reservas xeolóxicas de

materiais aptos para a produción de áridos, formando os seus traballadores e protexendo a súa seguridade e saúde, investigando para a mellora continua das técnicas utilizadas nesta actividade e sendo proactivos na busca de aplicacións e mercados para os seus produtos.

As empresas do sector dos áridos, pola súa maioritaria implantación no medio rural, son motores esenciais das economías locais, que xeran riqueza, pagan os seus impostos, crean emprego directo e indirecto, estable e de calidade, e subministran os seus produtos a outros sectores industriais desa contorna, contribuíndo, de forma moi importante, ao obxectivo estratéxico do país, de fixar a súa poboación.

Evidentemente, a situación económica do sector da construción, aínda lonxe de abandonar a crise, é determinante para poñer en contexto a industria dos áridos, no momento actual, que padece niveis de consumo impropios dunha economía europea desenvolvida, un -61% por debaixo de 2006 e un consumo por habitante inferior ao 50% da media europea.

Por iso, é urxente e necesario que as administracións públicas desenvolvan unha planificación estratéxica cun horizonte de, ao menos, 5 anos, que aborde a priorización de novas infraestruturas e a conservación das existentes, e que dinamice a edificación residencial e non residencial, o que permitirá adoptar decisións, a medio e longo prazo, para preservar un tecido industrial imprescindible, así como para modernizar e redimensionar as empresas.

Nesta mesma vía económica, a mellora constante da eficiencia dos procesos produtivos, así como a busca de novos nichos de mercado, deben ser os motores de rendibilidade empresarial. Todo iso, no marco da aplicación crecente das tecnoloxías da información e da comunicación- as TIC, que conforman o eixe do denominado “Áridos 4.0”.

Este Congreso analizou a fondo a cuestión do acceso sostible aos recursos de rochas e minerais, algo esencial para calquera país desenvolvido e o crecemento da súa economía, propoñendo vías para que este sexa máis racional. Así mesmo, debatéronse, a fondo, propostas para que as Administracións poidan colaborar co sector, ante o grave problema da competencia desleal, que tanto prexudica á gran maioría das empresas.

A evolución dos métodos construtivos, a aparición de novas tecnoloxías de materiais, a incorporación de criterios de compras verdes, o desenvolvemento de novos estándares de construción sostible e outras moitas cuestións, están revolucionando a industria dos áridos e as empresas non deben quedarse atrás.

Nos últimos 20 anos, as empresas deron pasos importantes na integración dos principios do desenvolvemento sostible. Pero os produtores de áridos, maioritariamente pemes, coa presenza dos principais grupos internacionais, teñen ante si o reto de adaptarse á rápida evolución dun contorno legal e social, cada vez máis complexo.

Por iso, esta industria redobrou os seus esforzos destinados a modernizar a súa estrutura, dotarse dunha dimensión máis adecuada e mellorar a súa rendibilidade, para afrontar os retos da sustentabilidade, coa fortaleza necesaria para alcanzar o éxito.

A colaboración activa de empresarios, técnicos e traballadores é esencial para poder seguir mellorando na rehabilitación das explotacións, a integración de accións para promover e conservar a biodiversidade, a xestión da auga ou para contribuír á calidade do aire, previndo, ao máximo, os impactos ambientais e, así, poder seguir contribuíndo eficazmente ao crecemento económico do país.

Este Congreso buscou impulsar a integración, nas empresas, dos principios da economía circular, unha das revolucións máis importantes que se está afrontando en toda Europa.

Tamén foi unha oportunidade para achegarnos á sociedade e dar a coñecer as numerosas accións a favor da sustentabilidade e dos cidadáns que, día a día, realizan empresas do sector.

Como conclusión final, pode asegurarse que a industria dos áridos é, e seguirá sendo, imprescindible para o desenvolvemento económico e social de España.

O SECTOR DEBE FACER AÍNDA UN
 IMPORTANTE ESFORZO PARA COLOCARSE
 Á VANGARDA DO DESENVOLVEMENTO
 SOSTIBLE E LOGRAR, ASÍ, UNHA
 ACEPTACIÓN SOCIAL PLENA.

EXPORTACIÓN DE ÁRIDOS

Aínda que gran parte dos recursos extraídos das canteiras e graveiras se destinen para o consumo local, a situación do sector da construción e a obra pública fai necesaria a busca de novos camiños e sumar a diversificación de mercados á que xa ven realizando nos produtos.

Galicia está localizada no corredor marítimo do Atlántico, unha posición clave para converterse en proveedor de referencia de áridos para o resto de Europa. O acceso ás Illas Británicas, a costa Oeste de Francia e o Benelux é sinxelo a través dos seus portos, que contan cunha grande experiencia en tráfico de graneis sólidos.

O solo destaca pola súa riqueza xeolóxica e iso localiza a Galicia como unha das primeiras autonomías en produción mineira e na primeira con acceso directo ao Cantábrico e Atlántico. Os produtos e a capacidade loxística converten as súas canteiras e graveiras na mellor opción para a compra de áridos do norte de España. A calidade dos minerais extraídos en Galicia, xa coñecida desde a época romana, é destacada por enxeñeiros civís, arquitectos e industriais para a construción de infraestruturas e edificacións.

Os portos de Galicia contan con operadores loxísticos de primeiro nivel con grande experiencia en graneis sólidos. Empresas como TMGA, que xa operou exportacións de áridos, Galigrain e Pérez Torres, manexan desde os peiraos galegos operacións de produtos como carbóns, coques, cemento, alumina e distintos minerais, así como produtos alimentarios.

En 2018, os asociados de Arigal exportaron 150.000 toneladas de áridos a países como Francia, Bélxica, Holanda, Alemaña e Francia, onde se envían materiais para infraestruturas, construción e para decoración ornamental e



Áridos galegos no Porto Exterior da Coruña, preparados para o seu embarque e exportación.

paisaxismo. Os produtores de áridos de Galicia exportan con gran regularidade a Portugal, considerándoo case un mercado local. Ademais algunhas empresas están realizando envíos de material a portos máis afastados como Kaliningrado ou Barbados.

Os membros de Arigal son conscientes de que a internacionalización dos produtos áridos é unha necesidade para reducir a dependencia da demanda doméstica, pero tamén para aumentar a dimensión do sector e as súas empresas.

PROMOCIÓN COMERCIAL

En 2018 Arigal iniciou un plan de promoción da exportación de áridos e da comercialización dos produtos dos seus asociados. Así, grazas a unha subvención do Igape, editáronse entre 2018 e 2019 distintos materiais de axuda comercial e fomentando a presenza en foros internacionais nos que Arigal pretende colocar aos seus asociados.

Para axudar a esta expansión, Arigal mantén relacións de colaboración con distintos axentes como autoridades portuarias e grandes consumidores (construtoras de obra pública), coas que realiza labores de mediación a favor dos seus asociados.



Mina Serrabal, de Cuarzos Industriales, en Vedra (A Coruña).



COMPROMETIDOS COA FORMACIÓN



Unha das funcións máis importantes da Asociación Galega de Áridos (Arigal) é a formación e capacitación dos profesionais do sector, debido á complexidade técnica dos traballos que se desenvolven nas canteiras e gravieiras. Nos últimos anos realizouse un grande esforzo

desde a asociación, que conta coa vantaxe de poder impulsar estas accións de modo global, para organizar actividades que incrementen os coñecementos dos profesionais do sector, con independencia de se son traballadores dunha gran multinacional ou unha peme.



Alumnos de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo, na canteira de El Castillo, de Erimsa, na Estrada, Pontevedra.



Arigal impartiu 16 cursos de formación para 335 profesionais de empresas asociadas.



FORMACIÓN SUPERIOR

Durante 2017 a directiva e o director de Arigal participaron en actividades formativas da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo.


Ademais de formar parte do seu profesorado, do xurado do seu premio de Restauración Sostible de Espazos Mineiros para estudantes e de favorecer a realización de prácticas nas empresas asociadas, tívose presenza no acto de graduación do centenar de enxeñeiros do curso 2017-2018. Arigal promoveu visitas de estudantes de Minas a explotacións dos seus asociados durante 2018, como as levadas a cabo a Erimsa, Hormigones La Barca e Prebetong Áridos.

FORMACIÓN CONTINUA

Arigal realiza e promove accións de formación continua para os profesionais das empresas asociadas en materia de maquinaria, procesos e produtos.

Trátase dun compromiso adquirido nos últimos anos como resposta ás demandas dos asociados. Algúns dos cursos desenvóléronse en colaboración coas administracións públicas, empresas e outras organizacións profesionais e sectoriais.

En 2018 desenvóléronse 16 accións de formación preventiva segundo ITC 02.0.02 (80 horas totais) con cargo a subvencións do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para 335 profesionais das empresas asociadas.



Simuladores de maquinaria pesada para o ciclo de FP de Escavacións e Sondaxes.

FORMACIÓN TÉCNICA

Arigal mantén desde 2015 unha iniciativa, xunto á Cámara Oficial Mineira de Galicia e o Concello das Pontes, de demandar ante as administracións públicas galegas a creación de formación específica de Formación Profesional de Grao Medio de Técnico en Escavacións e Sondaxes.

Durante 2018 mantívose o calendario de reunións coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como coa Consellería de Educación, encargada dos plans de estudos autonómicos. A Xunta indicou que a modalidade baixo a cal se pode implantar este ciclo é a Formación Profesional Dual. Nela o currículo do módulo adáptase ás necesidades das empresas interesadas, polo que resulta de suma importancia coñecer a demanda real dos asociados. Dentro desta modalidade, as empresas son parte activa na

formación dos alumnos mediante unha bolsa de formación na empresa, eminentemente práctica, durante un período de seis meses.

O director de Arigal mantivo en Madrid, nas instalacións da empresa Simumak, unha reunión cos enxeñeiros de desenvolvemento, equipo docente do Institut Mollerusa, da Generalitat de Catalunya e do Concello das Pontes, impulsando a creación do ciclo de FP. Nela avanzouse nas necesidades de simuladores de maquinaria pesada.

Actualmente non existe en Galicia ningún centro de formación profesional no que se imparta formación regrada para os postos de traballo demandados polas industrias extractivas.

DEFENSA DO SECTOR FRONTE A CAMBIOS NO CATASTRO

A asemblea de Arigal, celebrada o 11 de maio, requiriu á xunta directiva un avance na defensa dos asociados fronte á recualificación das canteiras de áridos nos catastros. Debido a unha Circular 03.04/07 sobre valoracións de construcións no solo rústico, os propietarios de canteiras e graveiras poderían sufrir importantes alzas nos impostos municipais, como o Imposto de Bens Inmobles (IBI). En 2018 foron varios os asociados gravados polos seus concellos con esas novas valoracións.

O equipo técnico de Arigal, xa desde o momento de coñecer o cambio en 2017, e a instancias dos asociados, mantivo reunións co xerente rexional do Catastro en Galicia, xunto cos asesores xurídicos da asociación.

En xuño de 2018 celebrouse en Santiago unha xornada técnica para ofrecer información aos asociados. Nela expertos legais e técnicos expuxeron a



Xornada Técnica sobre valoracións do Catastro organizada por Arigal.

situación ante unha vintena de representantes de empresas asociadas. Na cita expuxéronse liñas de defensa que poden ser tomadas por cada empresa e decidiuse que cada afectado faga unha defensa do seu caso a título individual, sen que Arigal puidera presentarse de maneira global.

Á recepción das novas valoracións por parte dos concellos recomendouse a seguinte liña de actuación para cada empresa. Unha primeira etapa, onde se reduza a valoración con criterios estritamente técnicos, sen indicar ningún outro argumento que se vaia a empregar en etapas sucesivas, para evitar que no procedemento administrativo se rebatan xa posteriores argumentos xurídicos. Unha segunda etapa, no Tribunal Económico Administrativo, onde se deben empregar os diferentes argumentos xurídicos detallados no documento correspondente.

ASAMBLEA XERAL DA UEPG E FORO GAIN

Arigal participou en maio de 2018 dos actos da Asemblea Xeral da UEPG e o Foro GAIN, celebrados en Barcelona. Como membro da Unión Europea de Produtores de Áridos (UEPG) asistiu ás reunións do Foro GAIN (a Rede Global de Información de Áridos). Nelas, asociacións de produtores de todo o mundo comparten a súa experiencia e buscan sinerxías globais.

O día 24 de maio tivo lugar o Foro de Empresarios e o día 25 a Asemblea Xeral propiamente dita. Anteriormente, os días 21 e 22 de maio celebrouse a reunión bienal da Rede Informativa Global de Áridos (GAIN), coa participación de asociacións de áridos dos cinco continentes. Este foro revisa as principais tendencias mundiais que inciden sobre o sector dos áridos, anticipando estratexias para colocalo adecuadamente, nun contexto sometido a cambios permanentes e onde esta industria, de ámbito local, debe adaptarse a unhas regras de xogo cada vez máis globalizadas. Cada dous anos, o Foro GAIN permite poñer o seu contexto ao sector dos áridos, como primeira industria extractiva do mundo.



Foro GAIN, celebrado en Barcelona.



Asemblea Xeral da UEPG.



Reunión do Comité de Saúde e Seguridade da UEPG, en Bruxelas.



Xunta directiva da Federación de Áridos celebrada en Madrid.

REUNIÓN DOS COMITÉ UEPG EN BRUXELAS

Como membro da Unión Europea de Produtores de Áridos (UEPG) o equipo técnico de Arigal asistiu ás reunións de traballo celebradas en Bruxelas en outubro de 2018. Os comités de Saúde e Seguridade, de Medio Ambiente, Técnico e Económico traballan en distintas iniciativas para a promoción e defensa do sector dos áridos a nivel europeo.

RELACIÓN INSTITUCIONAIS

A directiva e o director de Arigal mantiveron en 2018 unha intensa axenda para colaborar con organismos e institucións afíns ao sector dos áridos, como a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Associação Nacional da Indústria Extractiva e Transformadora de Portugal (Aniet). A directiva e o director de Arigal participaron en 2018 nas asembleas xerais de Arival (15 de xuño) e Gremio d'Àrids (20 de xuño). Ademais, participouse de todas as reunións da Federación de Áridos celebradas en 2018.

CAMPAÑA 'CERO ACCIDENTES' EN CANTEIRAS

Arigal lanzou en 2018 unha campaña para reducir a sinistralidade nos centros de traballo dos seus asociados. A acción proposta consiste na elaboración dun 'Manual para a implementación dunha política de cero accidentes' para o sector, así como a colocación de grandes carteis de exterior para promover esta política e a formación de equipos de xestión e persoal técnico para lograr o obxectivo.

O manual de implantación define os pasos para conseguir a meta, o cartel está deseñado como unha forma de dar visibilidade diaria a esta política implementada, motivando a todo o persoal a lograr o obxectivo fundamental.

Tras unha sesión de presentación inicial da campaña, á que asistiron técnicos e empresarios dos asociados de Arigal, a capacitación dos equipos de xestión e o persoal técnico levarase a cabo en 2019 nas instalacións de cada membro.



AXILIZACIÓN DE TRÁMITES NOS SERVICIOS DE MINAS

Nos últimos anos Arigal denunciou de maneira insistente á Dirección Xeral de Minas e Enerxía da Consellería de Economía, Emprego e Industria "unha situación de parálise na tramitación de expedientes nos Servizos de Minas das xefaturas territoriais, ademais dos diferentes criterios empregados en cada unha das catro provincias, que prexudica gravemente aos titulares das concesións mineiras".

Tras a reclamación, unha reunión na Dirección Xeral de Minas e Enerxía celebrada o 7 de xullo, conseguiu axilizar a tramitación dos expedientes de asuntos menores e sinxelos, co que os asociados viron paliada unha parte dos seus problemas.

PREVENCIÓN DA SILICOSE

Arigal mantén un decidido compromiso sobre a prevención dos riscos relacionados coa exposición dos traballadores ao po de sílice cristalina. A última actualización de datos do Observatorio Mineiro da COMG, referenda que o subsector dos áridos está realizando os traballos correctos para lograr reducir a incidencia deste enfermidade profesional.

Como caso de éxito, a Federación Española de Áridos (FdA) recoñeceu as medidas adoptadas por Erimsa no seu centro de produción de El Castillo, na Estrada (Pontevedra), coas que logrou acabar coa emisión de po de sílice nunha das súas cabinas.

En 2018 o equipo técnico de Arigal participou en reunións do grupo de traballo sobre silicose do Instituto Galego de Seguridade e Saúde no Traballo (ISSGA), así como do que ten a patronal Cominroc a nivel nacional.



Reunión do grupo de traballo de Cominroc no Instituto Nacional de Silicose.

Arigal participa activamente na Rede Europea de Sílice (NEPSI), que foi constituída por sindicatos europeos de traballadores e empresarios que firmaron o 'Acordo sobre a protección da saúde dos traballadores a través da boa manipulación e uso da sílice cristalina e os produtos que a conteñen'. A UEPG, da que forma parte Arigal a través da FdA, firmou este acordo o 25 de abril de 2006.

RESPALDO PLENO A ERIMSA

Ante a negativa da Xunta a outorgar novas concesións que permitan continuar coa extracción de cuarzo en Mesía, Frades, Oroso e Ordes, a empresa Erimsa anunciou que en 2019 podería presentar un Expediente de Regulación de Emprego Temporal. A asociada de Arigal comunicou en

setembro que o centro de produción de Frades verase abocado ao peche definitivo no caso de que continúe a actual situación, o que ocasionará graves prexuízos aos máis de 60 profesionais e as súas familias cuxo traballo depende da actividade desta planta.

A xunta directiva de Arigal mostrou o seu respaldo a un dos seus asociados ao mesmo tempo que recalca o compromiso de Erimsa co medio ambiente, como demostran os seus traballos de restauración nas explotacións de Frades e Begonte, que contan con premios a nivel nacional.

NO FORO SECTORIAL E INDUSTRIAL DE GALICIA

O Foro Sectorial e Industrial de Galicia celebrou o 3 de xullo en Santiago de Compostela a súa primeira edición. O evento desenvolveuse co obxectivo principal de achegar unha visión global da economía e a innovación, así como buscar sinerxías entre os diferentes sectores e industrias de Galicia. O director de Arigal, Carlos Martínez, participou cun relatorio no Panel de Construción, Infraestruturas e Habilitacións.

Os participantes nesta primeira edición do Foro foron as agrupacións empresariais Ageinco, Aje Galicia, Anfaco-Cecopesca, Arigal, Asime, Cecap, Cece, Cegasal, Cointega, a Federación Galega de Comercio, Fegam, Fegape, Fegat, Fefga, Fegatramer, Ineo e Transgacar.



Arigal participou cun relatorio no Foro Sectorial de Galicia.

INFRAESTRUTURA VERDE DE GALICIA

A Estratexia de infraestrutura verde de Galicia busca crear unha estrutura ecolóxica básica de Galicia mediante unha planificación territorial que integre as diferentes estratexias desenvolvidas nos últimos anos (rede de espazos naturais protexidos, zonas con risco de inundación, áreas de especial interese paisaxístico...) coa planificación urbana e de infraestruturas verdes, como ferramenta que proporcione beneficios ecolóxicos, económicos e sociais.

Esta iniciativa da administración pode entrar en conflito coa actividade mineira, polo que, a través da participación no Comité de Normas da Cámara Oficial Mineira de Galicia, a xunta directiva e o equipo técnico de Arigal realizoulle un seguimento intenso en 2018.



Reunión informativa sobre Infraestrutura Verde.



Arigal firmou o manifesto de defensa do rural galego.

EN DEFENSA DA ECONOMÍA DO RURAL GALEGO

A agricultura, a gandería, o forestal e a minaría proporcionan a Galicia máis de 68.600 empregos directos e 147.300 indirectos, que exportan por valor conxunto de 2.161 millóns de euros e representan o 7,1% do PIB galego. Para defender e poñer en valor esta achega, Arigal sumouse a outras organizacións agrogandeiras, forestais e mineiras para poñer en marcha unha plataforma intersectorial que persegue "un marco legislativo que afonde na compatibilización de actividades coa protección do medio ambiente".

Existe gran preocupación pola "proliferación de políticas de protección ambiental" que non atenden ás posibilidades dos distintos sectores produtivos de desenvolver a actividade de forma compatible co medio mentres xeran emprego e riqueza, fundamentos vitais contra o abandono do rural.

Arigal firmou o manifesto de defensa do rural produtivo e acudiu á manifestación que tivo lugar en Santiago de Compostela o 3 de xuño para visibilizar a plataforma.

CAMBIO NA PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN DE ÁRIDOS

O máximo responsable da Asociación Galega de Áridos (Arigal), José Lista Tasende, cedeu a presidencia da Federación de Áridos (FdA) o 11 de decembro de 2018, asumíndoa Alfons Porro, o actual presidente do Gremi d'Árids de Catalunya. José Lista, que exerceu o cargo en representación do colectivo galego, foi presidente desde maio de 2016.

A FdA ostenta, desde a súa creación en 2007, a máxima representatividade do sector dos áridos en España, xa que está integrada polo colectivo nacional Anefa, Arival, de Valencia; e as citadas asociacións galega e catalá. Ademais, representa os intereses dos produtores de áridos nos ámbitos nacionais e internacionais, é o principal interlocutor ante a administración xeral do Estado e integra a cerca de 700 empresas que xestionan 1.100 canteiras en toda España.



Á esquerda, José Lista; á dereita, Alfons Porro, presidente da FdA.



ATRAZEX, SOFTWARE PROPIO DE XESTIÓN DE EXPLOSIVOS



O desenvolvemento do sistema de xestión Atrazex, que controla a trazabilidade dos explosivos, mantén a Arigal como unha referencia do sector en todo o territorio nacional. Este software específico para o sector mineiro lanzouse en 2014 e desde entón estendeuse no mercado ibérico.


Consta de dúas aplicacións, unha web e outra de recolección de datos. A primeira delas encárgase de xestionar os datos en tempo real (24/7), permite realizar consultas de trazabilidade desde calquera dispositivo e navegador, xera a documentación a presentar, adaptada e personalizada, e configura as necesidades de cada explotación, usuario e idioma.

Trátase dunha aplicación unificada, pero con datos illados entre explotacións.

A aplicación de recolección de datos facilita a validación no campo dos pedidos e a confirmación manual ou automática dos mesmos con códigos QR, a nivel de cada produto ou de cada caixa. Esta segunda aplicación desenvólvese grazas a terminais optimizados para o seu uso en explotacións mineiras, pero tamén sobre dispositivos Android estándar.

Atrazex permite unha xestión simultánea de datos e pedidos a máxima velocidade. Esta unificación favorece a seguridade no proceso de trazabilidade de explo-

VANTAXES DE ATRAZEX



- Solución específica para usuarios de explosivos.
- Permite xestión de graneis, substancias non trazables, etc.
- Personalización da documentación xerada.
- Xestión de polvoríns e consumos.
- Soporte técnico e asistencia en tempo real.
- Dispoñible en castelán, portugués, inglés, galego e catalán.


sivos ao reducir o compoñente humano, prescindir de papeleo e os envíos físicos de documentación e ofrecer dispoñibilidade dos datos en tempo real.

A finais de 2018, Atrazex implantouse en 370 centros de consumo de explosivos, o que sitúa a Arigal como axente innovador clave para o sector e permite un retorno de investimento para a asociación que cobre unha pequena parte do orzamento de gastos ordinarios. A finais de 2018, Arigal subscribiu un acordo de colaboración coa Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense para o uso de Atrazex entre os seus asociados.

Desde o seu lanzamento Atrazex permitiu a xestión de máis de 29.000 toneladas de substancias explosivas e permitiu aos seus usuarios a xestión de máis de 13.400 voaduras.

➤ Acceso a Atrazex en: atrazex.com

EXPLOSIVOS XESTIONADOS ATRAZEX



DIVULGACIÓN E MEDIO AMBIENTE



DÍA DOS ÁRIDOS, AS ÁRBORES E A BIODIVERSIDADE



A responsabilidade medioambiental de Arigal esténdese ao ámbito educativo e divulgativo, o que motiva que anualmente organice con escolares da comunidade unha xornada didáctica Día dos Áridos, as Árbores e a Biodiversidade. Esta actividade, que se celebra de maneira coordinada co resto de colectivos empresariais do sector en toda España, ten como fin promover activamente a protección da biodiversidade.

A través dela preténdese concienciar aos nenos da importancia e as utilidades dos áridos, así como favorecer o seu coñecemento sobre o funcionamento das

canteiras galegas. Ao mesmo tempo, os alumnos descubren as propostas de minaría responsable e os numerosos proxectos de recuperación medioambiental e de espazos degradados promovidos polas empresas asociadas nunha xornada lúdica de aprendizaxe ao aire libre.

Para Arigal, o Día dos Áridos, as Árbores e a Biodiversidade conta con suma importancia para promover a divulgación das accións do sector, tanta as puramente empresariais como as orientadas ao impulso do medio ambiente, entre a poboación infantil.



Escolares de Cariño, en Pasek Minerais en Cariño, A Coruña.

Nas actividades de Galicia de 2018 tiveron participación escolares do concello coruñés de Cariño, que visitaron a canteira Pasek Minerais na súa localidade; así como outro grupo de Santiago de Compostela, que o fixo á canteira de áridos de F. Gómez y Cía. na localidade de Touro (A Coruña). En total, un centenar de escolares participaron da actividade nas dúas canteiras, nas que se realizou a plantación de especies de frondosas autóctonas.

Arigal celebrou en 2018 a undécima edición do Día dos Áridos, as Árbores e a Biodiversidade. Esta actividade é parte do compromiso para mellorar o medio ambiente e a recuperación das áreas mineiras por parte de Arigal e os seus asociados. Así, nos últimos seis anos, máis de 40.000 árbores foron plantadas en canteiras restauradas.



Visita de alumnos de Santiago a F. Gómez y Cía. á mina de Touro, na Coruña.

VÍDEO DOCUMENTAL QUE SABES DOS ÁRIDOS?

Co obxectivo de poñer en valor as prácticas medioambientais das canteiras galegas e lograr o aumento do coñecemento social da minaría galega tradicional, así como o potencial e a necesidade de novos proxectos, Arigal produciu un vídeo documental en 2018.

Cunha duración de 25 minutos, mostra como se producen os áridos, que produtos se atopan en Galicia e cal é a súa importancia na vida cotiá.

Ademais, recóllense os testemuños de axentes sociais presentes nas proximidades dunha operación mineira. O vídeo mostra testemuños de grupos de veciños, alcaldes, traballadores, sindicatos e colectivos ecoloxistas.

SANTA BÁRBARA 2018

Arigal, como membro da xunta directiva da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), forma parte do comité organizador da festividade de Santa Bárbara, patroa dos mineiros. En 2018, o director de Arigal formou parte do xurado dos premios entregados na comida de novembro. Fernando Herranz e Felipe Macías foron os gañadores do recoñecemento á traxectoria e Diego Casal foi galardoado en comunicación.

EDICIÓN DOS CÓMICS DE LAGARTIÑO

Arigal lanzou unha nova campaña de difusión e promoción baseada nos cómics infantís do personaxe Lagartinho.

A primeira edición, realizada en 2007, explicaba, de unha maneira fácil e intuitiva e con ilustracións de Manuel Cráneo, o proceso produtivo de áridos, a súa importancia social e unha aproximación rápida e breve das posibilidades da actividade extractiva, desde o punto de vista ambiental. En 2018, Arigal reeditou o cómic, cunha revisión dos textos e das ilustracións.

Ademais, editouse o segundo volume da serie, focalizado en dar a coñecer ao público en xeral e aos escolares, en particular, os diferentes tipos de restauracións que se realizan en explotacións de áridos, a compatibilidade da actividade das canteiras coa súa contorna, tanto a nivel de vida silvestre como en flora e biodiversidade, chegando nalgúns casos a ser a propia



actividade mineira a que favorece a xeración de novos hábitats ou a recuperación dos anteriores.

Estes materiais, que foron supervisados por un equipo técnico e docente especializado en medio ambiente, empréganse nas accións divulgativas de Arigal e os seus asociados.



O presidente da Xunta de Galicia entrega a Florencio Quirós e a José Luís Martínez Embil, de Erimsa, o premio da Federación de Áridos.

RESTAURACIÓN DE ESPAZOS

Os socios de Arigal están comprometidos coa minaría responsable e por iso, unha vez finalizado o aproveitamento mineiro dun territorio iníciase un proceso de recuperación.

Todas as explotacións mineiras están obrigadas por lei a ter un proxecto de restauración antes de comezar a extracción. O proxecto de restauración ten como principal obxectivo que os terreos recuperen ou melloren as condicións nas que existían antes de que o lugar fose explotado ou adecualo a condicións compatibles co hábitat natural da zona.

Un dos exemplos de boas prácticas dos socios de Arigal foi premiado en 2018. Erimsa foi recoñecida pola Federación Española de Áridos (FdA) co

máximo premio medioambiental pola súa labor de extracción de cuarzo e posterior recuperación dos terreos en Frades e na comarca de Ordes, onde aplica o sistema de cribado desde hai máis de trinta anos.

Este importante premio apoia a minaría moderna e sostible característica de Erimsa, que prioriza a compatibilización do seu traballo coas actividades económicas tradicionais da zona: agrícola, gandeira e forestal. O método de cribado implica a restauración total das fincas e desenvolveuse na superficie de 1.195 hectáreas, en 870 parcelas de 613 propietarios, cos que se alcanzaron sempre acordos voluntarios de alugamento con renuncia expresa ao dereito a expropiación.

VISITAS A CENTROS EDUCATIVOS

O equipo técnico de Arigal participa de actividades de divulgación da actividade das empresas asociadas. Así, en 2018 realizáronse visitas a colexios para realizar obradoiros de concienciación para escolares, e promoveuse a presenza de estudantes da Escola de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo en explotacións activas co obxectivo de ampliar a súa experiencia formativa.



O equipo de Arigal realiza labores de divulgación en centros escolares.

PROTECCIÓN DA CONTORNA

A actividade mineira permite que xacementos de fósiles teñan saído á luz para poder ser estudados e achegar un pouco de luz á riqueza da fauna de Galicia a época prehistórica.

En 2018, a explotación mineira Don Isidro, que abastece de materias primas á fábrica de Cementos Cosmos de Oural (Lugo), foi galardoada co primeiro Premio de Desenvolvemento Sostible, entregado pola Federación Española de Áridos (FdA) na categoría de Economía pola súa contribución e valor engadido á sociedade, pola protección que brinda á Cova Eirós en Triacastela (Lugo).

A empresa mineira estableceu a preservación dun macizo de rocha arredor da gruta para garantir a compatibilidade dos traballos mineiros co estudo e conservación dunha contorna na que apareceron restos paleontolóxicos de entre 30.000 e 50.000 anos de antigüidade.



Cova de Eirós, en Triacastela, Lugo.

Nesta canteira, a empresa membro de Arigal deseñou un plan de xestión que define a estratexia de conservación da cova, restauración da súa contorna e mellora dos beneficios xerados a partir da biodiversidade e dos servizos ecosistémicos que nos ofrece.



DÍA DA CIENCIA NA RÚA

Arigal, como promotor da plataforma Mina-ría Sostible de Galicia, participou en maio de 2018 no *stand* do Día da Ciencia na Rúa, celebrado na cidade da Coruña. Ao longo de toda a xornada, nenos e maiores mostraron o seu interese por saber máis da actividade extractiva e probar os diferentes xogos dispoñibles.

Os visitantes deste espazo coñeceron, a través de tres grandes paneis informativos centrados na investigación, a extracción e a rehabilitación, os recursos xeolóxicos presentes en Galicia, as fases do seu aproveitamento a través da minaría e as diferentes posibilidades de restauración mineira. Ademais, os máis pequenos puideron xogar a ser mineiros co areeiro, onde simulaban os labores de sondaxe, extracción e restauración, e a maquinaria mineira de xoguete.

ASESORAMENTO



Explotación de Hormigones e Áridos La Barca, en Meis, Pontevedra.

Os técnicos de Arigal céntranse no seu día a día na atención dos asuntos ordinarios dos seus asociados, ofrecendo consultoría integral a demanda das necesidades nas seguintes áreas:

INFORMACIÓN E VIXILANCIA

O labor que desenvolve Arigal no apartado de información beneficia aos asociados nunha dobre liña. Por un lado na transmisión continua de información ás empresas sobre temas que poden resultarlles de interese a través da elaboración de informes periódicos. Por outro, a información aos asociados sobre cuestións de interese publicadas nos boletíns oficiais rexionais, nacionais e europeos. Arigal tamén se encarga de xestionar partidas e subvencións públicas para financiar proxectos de interese común para os asociados.

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

A modernización dos trámites administrativos e o acceso de todos os socios ás plataformas online é uns dos obxectivos de Arigal no seu traballo diario. Durante 2018 o equipo técnico asesorou e ofreceu formación aos seus asociados nos seus trámites na Sede Electrónica do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, entre outras administracións. Así mesmo, a asociación segue traballando coa Xunta de Galicia na adecuación dos sistemas que permitan que os plans de labores das explotacións se xestionen de maneira electrónica.

TARIFICACIÓN E EFICIENCIA ELÉCTRICA

Arigal presta asesoramento sobre xestión de potencias, axustes de tarificación e ferramentas que permiten unha eficiencia dos custos de consumos eléctricos. Durante 2018 realizáronse recomendacións sobre eficiencia eléctrica a asociados que permitiron aforros a un bo número de explotacións.

SUPERVISIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN ALLEOS

Os asociados que o desexan reciben por parte de Arigal unha vixilancia dos contratos de servizos de prevención, así como da calidade das empresas prestatarias. Así mesmo, asesórase en materia de responsabilidade civil e penal dos empresarios.

XESTIÓN HIDROLÓXICA

Ante os cambios no canon da auga de 2015, Arigal realizou a defensa do asociado fronte aos cambios dos conceptos de imposición. A Asociación informou aos seus asociados de que, como suxeitos pasivos do canon da auga, a modalidade de carga contaminante é a ideal para case todas as explotacións e acompañou a algúns deles no trámite. Arigal conseguiu un diálogo efectivo e fluído con Augas de Galicia, proporcionando solucións satisfactorias para os seus asociados.



Mina de General de Hormigones en Silleda, Pontevedra.

XESTIÓNS ANTE A ADMINISTRACIÓN

O marco regulatorio e a complexidade legislativa crean problemas aos asociados, que encontran inconvenientes en asuntos como tramitación de perdidos explosivos, permisos e licenzas. Durante 2018, ante os problemas derivados da Circular 03.04/07 sobre valoracións de construcións en solo rústico, Arigal prestou asesoramento legal e técnico aos asociados nesta materia. Arigal achega aos seus asociados o coñecemento na xestión dos mesmos baseada na experiencia colectiva do sector.

INFORMACIÓN ECONÓMICA





Mostra de granulometria de
áridos de Galicia.

INFORMACIÓN ECONÓMICA



Carga de áridos nunha explotación de Galicia.

Para o exercicio 2018, os membros da Asemblea Xeral de Arigal decidiron aprobar por unanimidade o orzamento de gastos e ingresos, calculado sen ter en conta os ingresos extraordinarios da entidade, xa que a máxima orzamentaria da asociación é que os ingresos ordinarios cubran os gastos ordinarios. Só no caso de que existan ingresos extraordinarios durante o exercicio, a Asemblea Xeral permite a existencia de gastos extraordinarios.

Por encima dos ingresos estimados no orzamento para o exercicio 2018, obtívose de forma extraordinaria un total de 157.559 €, provenientes da obtención de subvencións

por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a promoción do V Congreso Nacional de Áridos, accións de comunicación e a campaña de Cero Accidentes; do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, para o Plan de Seguridade Mineira 2018; do Igape para accións de internacionalización; e de Turgalicia, para promoción do V Congreso Nacional de Áridos.

Aínda que pola configuración e o tamaño da organización, Arigal non estea obrigada a facelo, o orzamento que se executa cada ano é supervisado por Auditgal, unha empresa de auditoría externa.

ORZAMENTO 2019

INGRESOS ORDINARIOS

CONCEPTO	ORZAMENTO
PRESTACIÓN DE SERVICIOS A ASOCIADOS	91.702,52 €
PRESTACIÓN DE SERVICIOS ADHERIDOS	23.705,76 €
PRESTACIÓN DE SERVICIOS ADHERIDOS TEMPORAIS	0,00 €
INGRESOS POR COLABORACIÓNS	0,00 €
INGRESOS POR SERVICIO A TERCEIROS	30.250,00 €
TOTAL	145.658,28 €

GASTOS ORDINARIOS

CONCEPTO	ORZAMENTO
ÓRGANOS DE GOBERNO	10.696,59 €
ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA	75.440,05 €
GASTOS DE OFICINA	4.955,54 €
SERVIZOS	28.913,97 €
COTAS A ASOCIACIÓNS E ORGANISMOS	14.950,40 €
FONDO DE CONTINXENCIA (AMORTIZACIÓNS)	4.991,73 €
TRIBUTOS E IMPOSTOS	5.710,00 €
TOTAL	145.658,28 €



Canteira de Excansa en Becerreá, Lugo.

RESULTADO FINAL ORDINARIO

CONCEPTO	ORZAMENTO
Total Ingresos Ordinarios	145.658,28 €
Total Gastos Ordinarios	145.658,28 €
RESULTADO	0,00 €

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2018

INGRESOS ORDINARIOS

CONCEPTO	ORZAMENTO	TOTAL EXECUTADO
PRESTACIÓN DE SERVICIOS A ASOCIADOS	84.216,60 €	90.298,91 €
PRESTACIÓN DE SERVICIOS ADHERIDOS	16.411,68 €	21.724,00 €
PRESTACIÓN DE SERVICIOS ADHERIDOS TEMPORAIS	0,00 €	0,00 €
INGRESOS POR COLABORACIÓNS	0,00 €	0,00 €
INGRESOS POR SERVICIOS A TERCEIROS	25.773,00 €	32.186,00 €
OUTROS INGRESOS	127,86 €	1.381,90 €
TOTAL	126.529,14 €	145.590,81 €

GASTOS ORDINARIOS

CONCEPTO	ORZAMENTO	TOTAL EXECUTADO
ÓRGANOS DE GOBERNO	8.285,00 €	9.275,97 €
ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA	65.162,08 €	79.359,28 €
GASTOS DE OFICINA	4.624,08 €	5.100,94 €
SERVIZOS	23.500,86 €	28.587,63 €
COTAS A ASOCIACIÓNS E ORGANISMOS	14.255,40 €	15.767,74 €
FONDO DE CONTINXENCIA	4.991,72 €	8.319,00 €
TRIBUTOS E IMPOSTOS	5.710,00 €	6.507,18 €
TOTAL	126.529,14 €	152.917,74 €

INGRESOS EXTRAORDINARIOS

CONCEPTO	ORZAMENTO	TOTAL EXECUTADO
V CONGRESOS NACIONAL DE ÁRIDOS IN313 1018/05	0,00 €	22.211,58 €
PLAN SEGURIDADE MINEIRA 2018	0,00 €	24.827,46 €
ELAB. SEG. COMIC IN315 2018/06	0,00 €	25.884,10 €
ELAB. DOCUMENTAL IN315 2018/10	0,00 €	46.325,17 €
ELAB. CERO ACCIDENT IN315 2018/12	0,00 €	35.537,78 €
FOENAA 2018 DEPUTACIÓN PROMOCIÓN ECONÓMICA FOENAA18	0,00 €	6.000,00 €
IGAPE RG. INTERMEDIOS, ACCIÓNS INTERNACIONALIZACIÓN	0,00 €	1.172,00 €
AGENC. GALEGA TURISMO, COLABORACIÓN V CNA	0,00 €	3.252,00 €
TOTAL	0,00 €	165.210,09 €

GASTOS EXTRAORDINARIOS

CONCEPTO	ORZAMENTO	TOTAL EXECUTADO
V CONGRESOS NACIONAL DE ÁRIDOS IN313 1018/05	0,00 €	18.780,45 €
PLAN SEGURIDADE MINEIRA 2018	0,00 €	21.207,40 €
ELAB. SEG. COMIC IN315 2018/06	0,00 €	26.243,86 €
ELAB. DOCUMENTAL IN315 2018/10	0,00 €	48.397,76 €
ELAB. CERO ACCIDENT IN315 2018/12	0,00 €	38.932,40 €
FOENAA 2018 DEPUTACIÓN PROMOCIÓN ECONÓMICA FOENAA18	0,00 €	0,00 €
IGAPE RG. INTERMEDIOS, ACCIÓNS INTERNACIONALIZACIÓN	0,00 €	828,32 €
AGENC. GALEGA TURISMO, COLABORACIÓN V CNA	0,00 €	3.169,10 €
TOTAL	0,00 €	157.559,29 €

RESULTADO FINAL

CONCEPTO	ORZAMENTO	TOTAL EXECUTADO
TOTAL INGRESOS	126.529,14 €	310.800,90 €
Ordinarios	126.529,14 €	145.590,81 €
Extraordinarios	0,00 €	165.210,09 €
RESULTADO	0,00 €	323,87 €

CONCEPTO	ORZAMENTO	TOTAL EXECUTADO
TOTAL GASTOS	126.529,14 €	310.477,03 €
Ordinarios	126.529,14 €	152.917,74 €
Extraordinarios	0,00 €	157.559,29 €



O equipo técnico de Arigal está formado por Ana Belén Fuentes López, de administración, e Carlos Martínez Torres, director.



Rúa Agro da Vella, nº 3 - 1º C
15895 Milladoiro - Ames- A Coruña
981 53 56 02
arigal@arigal.gal

www.arigal.gal



ATRAZEX 
www.atrazex.com



Rúa Agro da Vella, nº 3 - 1ºC
15895 Milladoiro - Ames
A Coruña
981 53 56 02
arigal@arigal.gal

www.arigal.gal